

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Luís Seoane do 22/04/1977

Colección:

Data: 22/04/1977

De:

Francisco Fernández del Riego;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

Mencionados:

Álvaro Cunqueiro; Marino Dónega; Evelina Hervella; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Luís Seoane do 22/04/1977

Vigo 22-abril 1977
Sr. D. Luís Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta do día 5 dos correntes. Dóeme moito a situación do teu estado de ánimo. Ben comprendo as razóns que te asisten pra te sentir defraudado. Pero penso de todos xeitos que non debemos renunciar á loita. Tí, pesie a todo, estás nas mellores condicións pra poder esixir, porque ninguén desconoce a xenerosidade dos teus esforzos ao servizo de Galicia, desentendéndote sempre de beneficios persoáis. Claro que hai cousas que doen, ben o comprendo. Noustante, paréceme que a inhibición túa sería unha verdadeira pena pra todos.

No tocantes á política galega xa te supoño enterado do ocorrido ultimamente. Constituíuse a Xunta cos compoñentes previstos. Porén, nela figura Marino Dónega, a proposta dos Senadores, como único extraparlamentario. Confía en poder facer algo dentro dela en orde ao galeguismo. Certamente, a Xunta non terá tempo de actuar con transferencia de facultades antes de que se aprrobe a Constitución. Pero ten o significado ao meu ver de representar un reconecemento de persoalidade política de Galicia. Despóis, cando chegue o proceso autonómico, veremos si as cousas cambian como deben cambiar.

Isaac pediume un traballo sobre o labor do Seminario de Estudos Galegos como empresa de cultura, e xa llo mandéi. Debéu interpretar que o que tí lle indicache referíase á política cultural do Seminario, e non ao período entre o 36 e o 76.

Eu ando amolado esta tempada cunhas dóres de columna. Seguramente teréi que someterme a tratamento durante dez días no Policlínico da Rosaleda. Tamén Cunqueiro está mal a consecuencia dunha úlcera penetrante nun pé, e como é diabético é moi probable que llo teñan que cortar.

Remata de saír do prelo o libro Galicia 2002 no que ti colaborache. Mándoches un exemplar por correo aéreo.

Por aquí as cousas siguen cheas de complicacións e de problemas. Confío, nembargante, en que as dificultades iranse superando de a pouco e en que non volveremos a ser vítimas de novas regresións na conquista da democracia.

E nada máis por hoxe. Con garimosos saúdos a Maruxa e de Evelyn pra os dous, mándache a cordial aperta de sempre

Paco

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.